



XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
INFRAESTRUTURAS  
E MOBILIDADE

Axencia Galega de **Infraestruturas**

---

EIXO DE MOBILIDADE SOSTIBLE EN OURENSE  
TREITO DE ACCESO AO  
COMPLEXO HOSPITALARIO DE OURENSE

---

## 1 Obxecto da Actuación

O presente proxecto ten por obxecto a definición das actuacións necesarias para desenvolver o eixo de mobilidade sustentable de acceso ao Complexo Hospitalario Universitario de Ourense que permitan mellorar os itinerarios peonís actuais.

A actuación discorre íntegramente polo concello de Ourense e terá un dobre obxectivo:

- fomentar a mobilidade sustentable para os veciños de Ourense
- ofrecer aos visitantes un itinerario accesible e seguro para acceder a algúns dos principais referentes turísticos ou servizos de interese no ámbito metropolitano.

## 2 Plan de Estradas

A estrada na que se realizan as obras é de titularidade municipal.

## 3 Descrición da Actuación

O eixo de mobilidade sostible parte da estación intermodal de Ourense, cruzará a cidade de norte a sur e contará con distintos ramais para acceder a zonas de especial interese.

O proxecto inclúe a reconfiguración de itinerarios existentes así como a execución de novos itinerarios para dotar de acceso ao CHUO dende a senda existente do río Barbaña.

A nova conexión discorre dende a actual senda do río Barbaña ata as inmediacións do complexo hospitalario, nun primeiro treito, que discorre polo trazado actual da senda melloraranse as pendentes e os anchos, continua a través da Avenida do Regato donde se reordenará a sección existente para implantar un carril bici para o que será necesario eliminar o aparcadoiro existente para obter os anchos necesarios.

Reconfigurarase a glorietta existente na Praza de MariaMansa, reducirase o diámetro da calzada e disporase un itinerario peonil e ciclista perimetral.

Pasada a glorietta deseñase un novo itinerario dende a rúa da Nosa Señora da Sainza que se completará con un treito transversal que permitirá conectar o CHUO co antigo hospital e a Escola de Enfermería.

## 4 Características Técnicas

### - Seccións tipo

Senda mixta..... Variable (4 a 6 metros)

Aparcadoiro/bus.....2,25 m

Calzada Avda. do Regato..... Variable (3,50 a 7,00 m)

Beirarrúa..... Variable mínimo 1,80 m

Glorieta .....Ø 32 m

Beiravía exterior.....1 x 0,50 m

Beiravía interior.....1 x 1,00 m

Carril bici.....1 x 3,00 m

### - Firmes e pavimentos

- Calzada e aparcadoiro: fresado de 5 cm de firme actual e reposición con MBQ tipo AC16 surf S 50/70 previa rega de adherencia tipo C60B3 TER

- Carril ciclista: 16 cm de saburra artificial tipo ZA-20 e unha capa de pavimento contínuo HF-3,5 de 16 cm de espesor, de cor terrizo.

- Beirarrúas: Sobre 20 cm de saburra artificial aplicarase unha capa de 10 cm de formigón tipo HM-20, 4 cm de morteiro e por último lousa de pedra granítica de 60 x 40 x 6 cm.

Bordos: entre as beirarrúas e as zonas verdes colocarase un bordo de granito de 22 x 20 cm sobre asento de formigón de 10 cm de espesor.

### - Estructuras:

Muros de colleira para a contención de terras de altura variable entre os 2,00 e os 3,50 m.

## 5 Poboación Servida

Ourense 104.596 habitantes

## 6 Concellos Afectados

Ourense

## 7 Expropiacións

Parcelas afectadas: 6 parcelas cunha superficie de expropiación de 6.486 m<sup>2</sup> no Concello de Ourense

Expropiación Terreos 84.916,00 €

Bens afectados 6.525,00 €

Premio de afección 5% 4.572,05 €

Total 96.013,05 €

## 8 Prazo de execución

O prazo de execución estímase en CATORCE (14) meses.

## 9 Orzamentos


Orzamento Base de Licitación (máis 21% IVE) 2.402.949,04 €

Orzamento Expropiacións 96.013,05 €

Orzamento Servizos Afectados 200.000,00 €

Orzamento para Coñecemento da Administración 2.698.962,09 €

## Situación



## Plano de conxunto

